

**1. Identificación da programación****Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15003212	IES AGRA DE RAÍCES	Cee	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	SANIDADE	CM19001	COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMERÍA	MEDIO	PROBAS LIBRES

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
CM0308	Promoción da saúde e apoio psicolóxico do paciente	2023/2024	0	130	156

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	EVA TRASMONTA CASTIÑEIRA
Outro profesorado	

## 2. Resultados de aprendizaxe/Capacidades terminais elementais e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe/Capacidades terminais elementais do currículo que se tratan

Capacidades terminais elementais do currículo	
CTE1-	Especificar as características fisiopatolóxicas e as peculiaridades psicolóxicas dos diferentes colectivos segundo idade e características especiais do seu estado de saúde e seleccionar os modos adecuados de relacionarse con eles.
CTE2-	Explicar os aspectos xerais das teorías psicolóxicas existentes sobre a formación e desenvolvemento da personalidade para comprender as distintas reaccións das persoas.
CTE3-	Explicar o proceso de saúde e a súa relación co ambiente físico, biolóxico e social para coñecer os factores que poidan incidir negativamente no paciente e as súas formas de corrección.
CTE4-	Describil-lo "rol de enfermo" e enunciar as reaccións anómalas de potenciación coa finalidade de corrixilas e mellorar a comunicación co paciente.
CTE5-	Explicar que é a ansiedade, enumerar as súas causas etiolóxicas e precisar os factores que a poden xerar durante a estancia do paciente no hospital ou consulta, ademais de indicar as medidas destinadas a evitala ou diminuí-la.
CTE6-	Analizar a utilización das canles de información de uso común nas actividades de información- formación sanitaria para contribuír á súa difusión e á mellora da oferta asistencial.
CTE7-	Enunciar as fases que se dan na relación paciente-sanitario indicando as características máis salientables e os factores que a poden alterar, así como as medidas destinadas a melloralas ou reforzalas.
CTE8-	Prestar apoio psicolóxico adecuado tanto ós pacientes como ós seus familiares e achegados, comprendendo a importancia desta acción para mellorar a relación paciente-sanitario e o benestar psíquico do propio enfermo e o seu contorno afectivo.
CTE9-	Afrontar diversas situacións de relación con pacientes con características fisiopatolóxicas peculiares ou de patoloxía especial aplicando as pautas de conduta indicadas en cada caso.
CTE10-	Explicar as características fundamentais dos programas de promoción da saúde en estados fisiolóxicos e de prevención de enfermidades específicas para diminuí-la súa incidencia na poboación xeral.
CTE11-	Analizar as condutas e comportamentos específicos da poboación galega e establecer as súas influencias sobre a saúde para poder aplicar as medidas correctoras que sexan precisas.
CTE12-	Respectar as "concepcións de defensa" que sobre o propio estado de saúde se forman as persoas en estado crítico e terminal
CTE13-	Analizar as características fisiopatolóxicas e os aspectos psicolóxicos dos anciáns procurando as pautas de conduta máis axeitadas que se deben aplicar no medio xeriátrico.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución das capacidades terminais elementais por parte do alumnado

Criterios de avaliación
Coñecerse os conceptos de Psicoloxía, sabendo para que serven.
Citáronse, Identificáronse e diferenciáronse as etapas evolutivas na psicoloxía.
Identificáronse as etapas da evolución das persoas.
Coñecerse as características na evolución psicolóxica do individuo.
Definiuse a personalidade.
Identificáronse e describíronse os rasgos da personalidade.
Diferenciouse entre personalidade e temperamento.
Identificáronse os principais trastornos da personalidade.
Definiuse a saúde e a falta de saúde.
Explicouse a enfermidade e diferenciáronse as súas fases e formas de expresión clínica.



Explicáronse consecuencias psicolóxicas da hospitalización no enfermo e nos familiares según o "rol" que desempeñe durante a enfermidade.
Analizouse a hospitalización e describíronse as características psicolóxicas e reaccións psicolóxicas do paciente.
Analizáronse as reaccións ante a enfermidade e definíronse os mecanismos de defensa ante a enfermidade.
Explicouse o sentido da comunicación sanitaria e describíronse os seus elementos.
Definíronse os tipos de comunicación de uso común nas actividades de información- formación sanitaria.
Identificáronse os factores que afectan ao proceso de comunicación.
Enumeráronse os obstáculos na comunicación terapéutica.
Relacionáronse os compoñentes non verbais da comunicación
Describiuse o papel profesional do persoal sanitario.
Describiuse a relación asistencial sanitaria: características, relación TCAE-paciente e familia
Enumeráronse, describíronse e aplicáronse as técnicas de apoio psicolóxico (relación paciente -auxiliar de enfermería e familiares): capacidade de escoita, empatía, respecto e aceptación, emprego de suxestións positivas, sinceridade, etc
Identificáronse e describíronse as reaccións dos profesionais ante a enfermidade e o sufrimento.
Cóñeceuse e entendeuse a saúde pública e a saúde comunitaria: necesidades e coidados.
Valorouse a importancia das campañas destinadas á promoción da saúde e participar na súa difusión.
Entendéronse e identificáronse os distintos determinantes da saúde.
Manexouse adecuadamente a prevención da enfermidade.
Transmitíuse ó público en xeral mensaxes saudables actuando como axente sanitario no desenvolvemento de programas de saúde.
Explicáronse as técnicas de grupo aplicadas á educación sanitaria.
Describíronse as características xerais da patoloxía crónica.
Explicáronse as reaccións psicolóxicas do paciente ante a enfermidade crónica.
Diferenciáronse particularidades das patoloxías crónicas máis salientables (dor crónico, diabetes, SIDA...).
Describíronse xeneralidades do cancro: etioloxía, sintomatoloxía, diagnóstico e tratamento.
Citáronse os tipos de prevención do cancro.
Citouse algún coidado psicolóxico que se lle presta ao paciente oncolóxico.
Citáronse as características da enfermidade terminal.
Explicáronse as etapas polas que pode pasar o paciente terminal e o coidado que o TCAE lle pode prestar ao paciente terminal.
Definiuse a eutanasia e a normativa que a rexe.
Identificáronse as posibles doazóns e as súas características
Definíronse xerontoloxía e xeriatria
Explicáronse os cambios biolóxicos, sociais e psicolóxicos que se dan no proceso de envellecemento.
Leváronse a cabo valoracións xeriátricas.
Citáronse problemas psicolóxicos asociados ao envellecemento

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe/Capacidades terminais elementais do currículo que se tratan

Capacidades terminais elementais do currículo	
CTE1-	Especificalas características fisiopatolóxicas e as peculiaridades psicolóxicas dos diferentes colectivos segundo idade e características especiais do seu estado de saúde e selecciona-los modos adecuados de relacionarse con eles.
CTE2-	Explicalos aspectos xerais das teorías psicolóxicas existentes sobre a formación e desenvolvemento da personalidade para a comprende-las distintas reaccións das persoas.
CTE3-	Explicalo proceso de saúde e a súa relación co ambiente físico, biolóxico e social para coñece-los factores que poidan incidir negativamente no paciente e as súas formas de corrección.
CTE4-	Descrivi-lo "rol de enfermo" e enuncia-las reaccións anómalas de potenciación coa finalidade de corrixilas e mellora-la comunicación co paciente.
CTE5-	Explicar que é a ansiedade, enumera-las súas causas etiolóxicas e precisa-los factores que a poden xerar durante a estada do paciente no hospital ou consulta, ademais de indica-las medidas destinadas a evitala ou diminuíla.
CTE6-	Analiza-la utilización das canles de información de uso común nas actividades de información- formación sanitaria para contribuír á súa difusión e á mellora da oferta asistencial.
CTE7-	Enuncia-las fases que se dan na relación paciente-sanitario indicando as características máis salientables e os factores que a poden alterar, así como as medidas destinadas a melloralas ou reforzalas.
CTE8-	Prestar apoio psicolóxico adecuado tanto ós pacientes como ós seus familiares e achegados, comprendendo a importancia desta acción para mellora-la relación paciente-sanitario e o benestar psíquico do propio enfermo e o seu contorno afectivo.
CTE9-	Afrontar diversas situacións de relación con pacientes con características fisiopatolóxicas peculiares ou de patoloxía especial aplicando as pautas de conducta indicadas en cada caso.
CTE10-	Explicar as características fundamentais dos programas de promoción da saúde en estados fisiolóxicos e de prevención de enfermidades específicas para diminuí-la súa incidencia na poboación xeral.
CTE11-	Analizar as condutas e comportamentos específicos da poboación galega e establecer as súas influencias sobre a saúde para poder aplicar as medidas correctoras que sexan precisas.
CTE12-	Respectar as "concepcións de defensa" que sobre o propio estado de saúde se forman as persoas en estado crítico e terminal
CTE13-	Analizar as características fisiopatolóxicas e os aspectos psicolóxicos dos anciáns procurando as pautas de conduta máis axeitadas que se deben aplicar no medio xeriátrico.

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución das capacidades terminais elementais por parte do alumnado

Criterios de avaliación
Identificáronse e diferenciáronse as etapas evolutivas na psicoloxía.
Identificáronse as etapas da evolución das persoas.
Identificáronse os rasgos da personalidade.
Identificáronse os principais trastornos da personalidade.
Analizouse a hospitalización e as características psicolóxicas e reaccións psicolóxicas do paciente.
Analizáronse as reaccións e os mecanismos de defensa ante a enfermidade.
Identificáronse os factores que afectan ao proceso de comunicación.
Enumeráronse os obstáculos na comunicación terapéutica.
Relacionáronse os compoñentes non verbais da comunicación.
Aplicáronse as técnicas de apoio psicolóxico (relación paciente -auxiliar de enfermería e familiares): capacidade de escoita, empatía, respecto e aceptación, emprego de suxestións positivas, sinceridade, etc

Identificáronse as reaccións dos profesionais ante a enfermidade e o sufrimento.
Manexouse adecuadamente a prevención da enfermidade.
Transmitíuse ó público en xeral mensaxes saudables actuando como axente sanitario no desenvolvemento de programas de saúde.
Actuouse ante as reaccións psicolóxicas do paciente ante a enfermidade crónica.
Aplicouse coidado psicolóxico ao paciente oncolóxico.
Leváronse a cabo valoracións xeriátricas.
Actuouse segundo os problemas psicolóxicos asociados ao envellecemento.

### 3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Todos os criterios de avaliación recollidos na presente programación didáctica son mínimos exixibles.

Criterios de cualificación:

- **Primeira parte da proba:** proba escrita teórica combinada de preguntas tipo test, de relacionar, de verdadeiro/falso e/ou preguntas curtas. Esta proba é eliminatória, o/a profesor/a do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos e para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.
- **Segunda parte da proba:** proba práctica que só poderán realizala aquelas persoas que superaran a primeira parte da proba (proba teórica). Esta proba tamén é eliminatória, o/a profesor/a do módulo profesional cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos e, para a súa superación, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos sobre dez. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte da proba.

A cualificación final será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, sempre que cada unha das partes sexan superadas cunha puntuación de cinco ou superior sobre dez. Esta cualificación final será expresada en números enteiros, redondeada á unidade máis próxima en caso de ser un resultado con decimais. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ((copiar, empregar teléfonos móbiles ou reloxo dixital, etc) ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións durante a realización das probas. Neste caso, o/a profesor/a do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

Para o acceso ás aulas onde se realicen as probas deberán apagarse todos os dispositivos electrónicos (teléfono móbil, reloxos intelixentes, etc), o uso destes dispositivos durante a proba será motivo de expulsión da proba.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte da proba ten como finalidade a avaliación dos criterios teóricos recollidos no epígrafe 2.1.2 desta programación.

Consistirá nunha proba escrita combinada de preguntas tipo test, de verdadeiro/falso, de relacionar, de resposta curta e/ou recoñecemento de imaxes nas que se tratarán unha mostra suficientemente significativa dos CA sinalados na presente programación.

- Preguntas tipo test: terán catro ou cinco posibles opcións, das cales só unha será a correcta. Cada resposta correcta sumará un punto e cada tres respostas incorrectas restarán un punto sobre a puntuación final desta proba. As preguntas non contestadas non suman nin restan puntos.
- Preguntas de verdadeiro falso: hai que xustificar as falsas, se non se xustifican non contarán. Cada resposta correcta sumará un punto e cada tres respostas incorrectas restarán un punto sobre a puntuación final desta proba. As preguntas non contestadas non suman nin restan puntos.
- Preguntas de relacionar, de resposta curta e/ou recoñecemento de imaxes: cada resposta correcta suma un punto, as respostas incorrectas e as non contestadas non suman nin restan.

A proba irá acompañada dunha plantilla de respostas, só se corruxirán as respostas recollidas na plantilla de respostas. Escríbese con letra clara e lexible, as respostas non lexibles ou dúbidasas consideraranse incorrectas.

A proba puntuarase de 0 a 10 e requirirase dun mínimo de 5 para superala.

A duración da proba teórica será de dúas horas.

Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo azul (de tinta indeleble) e non se permitirá o uso de corrector.

Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado enriba da mesa

Non está permitido sacar da aula ningún documento das probas.

Unha vez comezada a proba, non se poderá saír ata rematala. No caso de precisar saír da aula por cuestións debidamente xustificadas, só se permitirá dita saída sendo acompañada por un docente, que custodiará calquera dispositivo de comunicación.

##### 4.b) Segunda parte da proba

Esta segunda parte da proba ten como finalidade a avaliación dos criterios máis procedementais do módulo, recollidos no epígrafe 2.2.2 desta programación.

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

A proba consistirá en resolver casos prácticos en papel.

O valor de cada pregunta ou suposto práctico irá expresado na propia proba. Para a corrección desta parte, o/a profesor/a poderá empregar lista de cotexo, rúbrica e/ou plantilla de respostas. A proba puntuarase de 0 a 10 e requirirase dun mínimo de 5 para superala.

A duración da proba práctica será de noventa minutos.

Para a realización da proba será necesario un bolígrafo azul (de tinta indeleble) e non se permitirá o uso de corrector. No caso de precisar calculadora, será aportada polo/a profesor/a.

Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado enriba da mesa.

Non está permitido sacar da aula ningún documento das probas.

Unha vez comezada a proba, non se poderá saír da aula ata rematala. No caso de precisar saír da aula por cuestións debidamente xustificadas, só se permitirá a saída fora da aula acompañado por un docente, que custodiará calquera dispositivo de comunicación.